[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **4 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López (P)
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa (P)
(Secretario)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Noelia Pérez López)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Paulo Ríos Santomé
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Patricia Iglesias Rey
Outros intervenientes:
Cecilia Vázquez Suárez (P)

Comparecentes:
Director da Axencia Galega de Infraestruturas – AXI
Director xeral de Cohesión e Fondos Europeos
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, a presidenta xustifica a ausencia do voceiro do G.P. Mixto.

A seguir, éntrase no desenvolvemento da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 7310 (12/POC-001104)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 5 máis
Sobre a eventual licitación en 2024 do tramo Salto-Berdoias da autovía AG-55, a suficiencia da partida destinada a esta actuación e as previsións relativas á execución desta obra, así como sobre o sistema de financiamento, construción e xestión da infraestrutura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 09.08.2024

A presidenta concédelle a palabra ao señor Insúa Lema (BNG), quen explica as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre a execución da autovía AG.55 da Costa da Morte no 2024. Solicita respostas concretas ás cuestións suscitadas.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director da Axencia Galega de Infraestruturas - AXI (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias.

Na rolda de réplica o señor Insúa Lema (BNG), manifesta discrepancias coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto, á vez que se reitera na solicitude de respostas concretas ás cuestións formuladas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do director da Axencia Galega de Infraestruturas - AXI (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias.

A presidenta agradécelle ao señor Méndez Iglesias, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 8773 (12/POC-001566)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a execución dos programas dos fondos europeos Feder e FSE no marco financeiro 2014-2020 xestionados pola Xunta de Galicia e o seu balance de resultados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A presidenta concédelle a palabra á señora Sanz Arias (P), quen, previamente fai unha pequena matización a respecto da anterior intervención do voceiro do G.P. do BNG, e deseguido, motiva as razóns nas que se basean as cuestións concretas da súa iniciativa sobre a execución e balance dos programas dos fondos europeos Feder e FSE no marco financeiro 2014-2020.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Cohesión e Fondos Europeos (Consellería de Facenda e Administración Pública), Ángel Luís Tarrio Tobar (para a súa explicación utiliza soporte informático en formato powerpoint).

Na rolda de réplica a señora Sanz Arias (P) parabeniza e agradece a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o director xeral de Cohesión e Fondos Europeos (Consellería de Facenda e Administración Pública), Ángel Luís Tarrio Tobar, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa (No decurso da intervención da señora Sanz Arias incorpórase á sesión a deputada do G.P. Popular de Galicia, Cecilia Vázquez Suárez).

A presidenta agradécelle ao señor Tarrio Tobar, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpao de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión, da que se ausenta.

Deseguido, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 6416 (12/PNC-000767)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a solicitude que o Parlamento de Galicia dirixe ao Goberno galego en relación coa concreción das partidas orzamentarias precisas para construír a primeira fase da Cidade da Saúde da USC, así como sobre a asunción do compromiso respecto do financiamento das fases sucesivas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

A presidenta concédelle a palabra ao señor Abalde Alonso (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as partidas orzamentarias necesarias para a construción da primeira fase da Cidade da Saúde da USC e o compromiso nas demais fases (No decurso da súa intervención a

presidenta abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara e ocupa o seu lugar o vicepresidente, Gonzalo Trenor López).

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, interveñen as señoras: Presas Bergantiños (BNG) e Vázquez Suárez (P); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto con pronunciamento favorable da voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o rexeitamento da voceira do G.P. Popular de Galicia.

Na rolda de puntualizacións o señor Abalde Alonso (S) comenta as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes e discrepa do posicionamento do grupo maioritario, á vez que insiste na defensa da súa proposta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 11366 (12/PNC-001073)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa casa natal de Felipe Bello Piñeiro, no concello de Mugardos, ante o seu actual estado de deterioración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

O vicepresidente, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de modificación polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 12437), concédelle a palabra ao señor Fernández Alfonzo (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe levar cabo en relación co estado de deterioración da casa natal do pintor galego, Felipe Bello Piñeiro, non concello de Mugardos (No decurso da súa intervención a señora Presas Bergantiños (BNG), ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión).

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o señor Abalde Alonso (S), quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, motiva a emenda de modificación e anuncia o voto favorable do seu grupo.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante intervén a señora Pomar Tojo (P), quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, explica as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar a proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Fernánde Alfonzo (BNG) expón diferentes consideracións a respecto das argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e salienta que non acepta a emenda presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a presidenta dá paso ao trámite das votacións, polo súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 6416 (12/PNC-000767), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 7 (GGPP: BNG+S)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

2) Iniciativa, **doc. 11366 (12/PNC-001073), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 7 (GGPP: BNG+S)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:20 horas.

V. e pr.

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.10.11 13:44:17 +02'00'

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.10.11 10:51:30 +02'00'